

I. DISPOSICIONES XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

- 9107** *Circular 4/2015, do 29 de xullo, do Banco de España, pola que se modifican a Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros; a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos, e a Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos.*

A aprobación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade; da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, e do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo, que desenvolve determinados aspectos desta lei en materia de cédulas e bonos de internacionalización (en diante, o real decreto), supuxo a introdución destes valores negociables no noso mercado de instrumentos de débeda.

O real decreto atribúe ao Banco de España competencias técnicas sobre determinados aspectos, a cuxo exercicio se dirixe a presente circular. Neste sentido, modifícase a Circular 4/2004, do 22 de decembro, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros, co obxecto de establecer para estes valores o contido mínimo do rexistro contable especial a que se refire o artigo 10 do citado real decreto, así como a información que se deberá publicar e incorporar na memoria das contas anuais da entidade emisora, en virtude da habilitación establecida nos números 2 a 4 do citado artigo.

Con este mesmo alcance, e en virtude da habilitación establecida na disposición adicional única do real decreto en relación coas cédulas territoriais, establécese o contido mínimo do rexistro contable especial destes valores, así como os datos que se deben publicar e incluír na memoria das contas anuais da entidade emisora.

Os establecementos financeiros de crédito quedaron excluídos da definición de entidades de crédito polo Real decreto lei 14/2013, do 29 de novembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de supervisión e solvencia de entidades financeiras. A recente Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, regulou o seu novo status xurídico, que deberá ser obxecto dun ulterior desenvolvemento regulamentario, e estableceu como réxime aplicable supletoriamente o propio das entidades de crédito. En particular, até que se complete o aludido desenvolvemento regulamentario específico para a remisión da información contable, previuse a aplicación transitoria do réxime das entidades de crédito para o efecto, contido na Circular 4/2004. Sen prexuízo do anterior, e na medida en que poidan emitir cédulas territoriais, ou cédulas e bonos de internacionalización, resultaranlles de aplicación as mesmas exixencias que as previstas para as entidades de crédito a este respecto.

Así mesmo, modifícase a Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos (CIR), para incorporar o financiamento da internacionalización de empresas entre as finalidades das operacións.

Aproveitouse igualmente a modificación da Circular 4/2004 para emendar algunhas erratas que se detectaron nela.

Por último, tamén se modifica a Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos, no que se refire á definición e forma de cálculo do tipo de referencia oficial do mercado hipotecario «Tipo medio dos préstamos

hipotecarios entre un e cinco anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito na zona do euro».

En consecuencia, en uso das facultades que ten concedidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *Modificación da Circular do Banco de España 4/2004, do 22 de decembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Circular 4/2004, do 22 de decembro, ás entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada, e modelos de estados financeiros (en diante, Circular 4/2004):

1. Na norma cuarta modifícase o número 5, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Con independencia do sinalado nos números anteriores, as entidades de crédito publicarán, ao menos para os datos de cada 30 de xuño, como mínimo, a información cualitativa e cuantitativa sobre o mercado hipotecario, a relativa aos financiamientos á construción, promoción inmobiliaria e adquisición de vivendas, e aos activos adxudicados ou recibidos en pagamento de débedas, correspondente a negocios en España, así como a información sobre refinanciamientos e reestruturacións, a distribución dos préstamos á clientela por actividade e a concentración das exposicións por actividade e área xeográfica, regulada na norma sexaxésima. A información cuantitativa axustarase aos modelos contidos nos estados PI.6 a PI.11 do anexo I. Así mesmo, publicarán, ao menos para os datos de cada 31 de decembro, a información relativa ás cédulas e bonos de internacionalización e ás cédulas territoriais, axustándose aos modelos contidos nos estados PI.12 e PI.13 do anexo I.

Esta información farase pública non máis tarde de finais do segundo mes seguinte ao que correspondan os datos, pola mesma canle que se utilice para cumprir coas obrigacións de información reguladas na parte oitava do Regulamento (UE) n.º 575/2013 ou no seu sitio web.

Exceptúanse desta obrigación as entidades de crédito que inclúan a información requirida neste número nos seus estados financeiros individuais intermedios.

Adicionalmente, as entidades de crédito e as sucursais de entidades de crédito estranxeiras enviarán semestralmente ao Banco de España os estados PI.6 a PI.11, e anualmente os estados PI.12 e PI.13, do anexo I, non máis tarde de finais do mes seguinte a aquel a que se refiren os datos.»

2. Na norma sexaxésima:

2.1 A continuación do número 33 ter engádesse a epígrafe D.14), co seguinte texto:

«D.14) Desagregación dos depósitos da clientela.

33 quáter. Os depósitos da clientela desagregaranse en función da forma en que se instrumenten en: depósitos á vista, co detalle de contas correntes e de aforro e resto de depósitos á vista; depósitos a prazo, co detalle de imposicións a prazo fixo, cédulas e bonos emitidos non negociables, depósitos híbridos e resto de depósitos a prazo; depósitos dispoñibles con aviso previo, e pactos de recompra.»

2.2 O título da epígrafe S.5) substitúese por:

«S.5) Rexistro contable especial a que se refire o artigo 21 do Real decreto 716/2009, do 24 de abril.

S.5.1) Información que deben publicar as entidades emisoras de cédulas ou bonos hipotecarios.»

2.3 O título da epígrafe S.6) substitúese por:

«S.5.2) Manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente.»

2.4 A actual epígrafe S.7) pasa a ser a S.8), e o número 73 bis, o 73 septies.

2.5 Engádense dúas novas epígrafes, S.6) e S.7), co seguinte texto:

«S.6) Rexistro contable especial das cédulas e bonos de internacionalización a que se refire o artigo 10 do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo.

S.6.1) Información que deben publicar as entidades emisoras de cédulas de internacionalización.

73 bis. As entidades emisoras de cédulas de internacionalización deberán incluír na memoria a seguinte información, extraída dos datos do rexistro contable especial regulado no anexo XI da presente circular, conforme o disposto no artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización (en diante, Lei 14/2013), e no artigo 10 do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 14/2013 (en diante, Real decreto 579/2014):

A) Operacións activas:

a) O valor nominal agregado pendente de cobramento de todos os préstamos que serven de base para o cómputo do límite de emisión das cédulas de internacionalización emitidas pola entidade, obtido como diferenza entre o valor nominal agregado pendente de cobramento de todos os préstamos elixibles conforme o artigo 34.6 da Lei 14/2013, menos o valor nominal pendente de cobramento dos préstamos afectos a bonos de internacionalización e o dos préstamos elixibles en mora que teña que ser deducido, conforme o disposto no artigo 13 do citado real decreto.

b) O valor nominal agregado dos activos de substitución afectos a cada unha das emisións de cédulas de internacionalización e a súa desagregación, segundo a súa natureza.

B) Operacións pasivas:

a) Os valores nominais agregados das cédulas de internacionalización emitidas pola entidade pendentes de amortización, aínda que non figuren rexistradas no pasivo (porque non se colocasen a terceiros ou fosen recompradas), con distinción, se for o caso, entre os emitidos mediante oferta pública e o resto de emisións, con expresión, para cada unha das ditas clases, do seu vencemento residual segundo as seguintes categorías: até un ano, máis dun ano e até dous anos, máis de dous anos e até tres anos, máis de tres anos e até cinco anos, máis de cinco anos e até dez anos, e máis de dez anos.

b) Os valores nominais agregados das cédulas de internacionalización de cada clase emitidas pola entidade e en posesión da propia entidade emisora.

c) A porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o nominal de cédulas de internacionalización emitidas e non vencidas, aínda que non estean recoñecidas no pasivo, e o valor nominal pendente de cobramento dos préstamos afectos como garantía, calculado conforme o disposto no artigo 13 do Real decreto 579/2014.

A desagregación e a presentación da información cuantitativa que se debe publicar na memoria, conforme o disposto nesta epígrafe, realizaranse de acordo co formato do estado PI.12, Información sobre cédulas e bonos de internacionalización, do anexo I, no que a esta información se refire.

S.6.2) Información que deben publicar as entidades emisoras de bonos de internacionalización.

73 ter. As entidades emisoras de bonos de internacionalización deberán incluír na memoria a seguinte información para cada unha das súas emisións de bonos de internacionalización, extraída do rexistro contable especial regulado no anexo XI da presente circular, conforme o disposto no artigo 34 da Lei 14/2013 e no artigo 10 do Real decreto 579/2014:

A) Operacións activas:

a) O importe agregado do valor nominal pendente de cobramento e do valor actualizado, calculado de acordo co artigo 12 do Real decreto 579/2014, de todos os préstamos que cobren cada emisión de bonos de internacionalización, coa desagregación do valor nominal pendente de cobramento de todos os préstamos afectos como garantía, dos que se encontren en mora que, conforme o disposto no citado artigo 12, se teñan que deducir para efectos do cálculo do límite de cada emisión.

b) O valor nominal da totalidade dos activos de substitución afectos a cada emisión de bonos de internacionalización e a súa desagregación, segundo a súa natureza.

B) Operacións pasivas:

a) Os valores nominais agregados dos bonos de internacionalización emitidos pola entidade pendentes de amortización de cada emisión, aínda que non figuren rexistrados no pasivo (porque non se colocasen a terceiros ou fosen recomprados), con distinción, se for o caso, entre os emitidos mediante oferta pública e o resto de emisións. Así mesmo, indicaranse a data de vencemento e o valor actualizado, calculado de acordo co artigo 12 do Real decreto 579/2014, de cada bono de internacionalización.

b) Os valores nominais agregados dos bonos de internacionalización emitidos pola entidade en posesión da propia entidade emisora, para cada unha das emisións que efectuase.

c) A porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o valor actualizado de cada emisión de bonos de internacionalización non vencida da entidade e o valor actualizado dos préstamos afectos como garantía de cada emisión, calculado conforme o disposto no artigo 12 do Real decreto 579/2014.

A desagregación e a presentación da información cuantitativa que se debe publicar na memoria conforme o disposto nesta epígrafe realizaranse de acordo co formato do estado PI.12, Información sobre cédulas e bonos de internacionalización, do anexo I, no que a esta información se refire.

S.6.3) Manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente.

73 quáter. Na nota da memoria en que se inclúan os datos das cédulas e bonos de internacionalización deberase incluír, conforme o disposto no artigo 10.5 do Real decreto 579/2014, unha manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente da entidade, relativa á existencia de políticas e procedementos expresos en relación coas súas actividades de financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou de procesos de internacionalización de empresas e pola que o dito órgano se faga responsable do cumprimento da normativa aplicable para a emisión destes valores.

S.7) Rexistro contable especial das cédulas territoriais a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo.

S.7.1) Información que deben publicar as entidades emisoras de cédulas territoriais.

73 quinquies. As entidades emisoras de cédulas territoriais deberán incluír na memoria a seguinte información, extraída do rexistro contable especial establecido no anexo XII da presente circular, conforme o disposto no artigo 13 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro (en diante, Lei 44/2002), e na disposición adicional única do Real decreto 579/2014:

A) Operacións activas:

O valor nominal agregado pendente de cobramento da totalidade dos préstamos concedidos pola entidade que serven de base para a cobertura das cédulas territoriais, desagregado en función do sector e residencia da contraparte.

B) Operacións pasivas:

a) Os valores nominais agregados das cédulas territoriais emitidas pola entidade pendentes de amortización, aínda que non figuren rexistradas no pasivo (porque non se colocasen a terceiros ou fosen recompradas), con distinción entre as emitidas mediante oferta pública e o resto de emisións, con expresión, para cada unha das ditas clases, do seu vencemento residual segundo as seguintes categorías: até un ano, máis dun ano e até dous anos, máis de dous anos e até tres anos, máis de tres anos e até cinco anos, máis de cinco anos e até dez anos, e máis de dez anos.

b) Os valores nominais agregados das cédulas territoriais de cada clase emitidas pola entidade e en posesión da propia entidade emisora.

c) A porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o valor nominal total das cédulas territoriais emitidas e non vencidas, aínda que non estean recoñecidas no pasivo, e o valor nominal pendente de cobramento dos préstamos que serven como garantía, calculado conforme o previsto no número terceiro do artigo 13 da Lei 44/2002.

A desagregación e a presentación da información cuantitativa que se debe publicar na memoria conforme o disposto nesta epígrafe realizaranse de acordo co formato do estado Pl.13, Información sobre cédulas territoriais, do anexo I, no que a esta información se refire.

S.7.2) Manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente.

73 sexies. Na nota da memoria en que se inclúan os datos das cédulas territoriais deberase incluír, conforme o disposto no número 3 da disposición adicional única do Real decreto 579/2014, unha manifestación expresa do Consello de Administración ou órgano equivalente da entidade, relativa á existencia de políticas e procedementos expresos en relación coas súas actividades de financiamento de entes públicos e pola que o dito órgano se faga responsable do cumprimento da normativa aplicable para a emisión destes valores.»

3. Na norma septuaxésimo segunda engádense os números 15 e 16, co seguinte texto:

«15. As entidades que emitan cédulas ou bonos de internacionalización deberán levar un rexistro contable especial de cédulas e bonos de internacionalización en que se recollan todos os préstamos que serven de garantía ás emisións, os activos de substitución inmovilizados para darlles cobertura e os instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión, cos datos que se solicitan para eles no anexo XI desta circular, de modo que poidan ser postos á

disposición do Banco de España cando sexan requiridos. Os datos deberán estar dispoñibles até seis anos despois da cancelación económica das operacións.

Conforme o establecido no artigo 10 do Real decreto 579/2014, este rexistro contable especial actualízase de forma continua e constará de dúas partes diferenciadas: a primeira para as cédulas de internacionalización, e a segunda para os bonos de internacionalización. Pola súa vez, a segunda parte constará de tantas subdivisións como emisións de bonos de internacionalización vivas teña a entidade.

A Dirección Xeral de Estabilidade Financeira e Resolución poderá emitir unha aplicación técnica para homoxeneizar a información que se debe incluír nos rexistros especiais a que se refire o parágrafo anterior.

16. As entidades que emitan cédulas territoriais deberán levar rexistros suficientes e adecuados para recoller todos os préstamos vinculados cos ditos valores, cos datos que se solicitan para eles no anexo XII desta circular, de modo que poidan ser postos á disposición do Banco de España cando sexan requiridos. Os datos deberán estar dispoñibles até seis anos despois da cancelación económica das operacións.

A Dirección Xeral de Estabilidade Financeira e Resolución poderá emitir unha aplicación técnica para homoxeneizar a información que se debe incluír nos rexistros especiais a que se refire o parágrafo anterior.»

4. No anexo I engádense os estados PI.12 e PI.13, co formato que se inclúe no anexo desta circular.

5. No anexo VII realízanse as seguintes modificacións:

5.1 No estado UEM.11 realízanse as seguintes modificacións:

– A columna «Das cales: residentes no resto do mundo» pasa a denominarse «Das cales: IFM residentes noutros países membros da UEM.»

– A nota (b) substitúese polo seguinte texto:

«(b) Nestas columnas recóllense os fluxos netos de todos os préstamos titulizados ou transferidos doutra forma (incluídos os vendidos en firme) pola entidade durante o mes a que se refire o estado, aínda que se mantivesen integramente no balance (calculados como o importe dos préstamos transferidos menos o dos préstamos adquiridos no período, valorados ambos aplicando os criterios para confeccionar os estados UEM, é dicir, polo principal disposto). Non obstante, exclúense os transferidos ou adquiridos a outras institucións financeiras monetarias (IFM) residentes en España, así como os préstamos cuxa transferencia se produza como consecuencia dunha fusión, absorción ou escisión que involucre a entidade declarante. Nestas columnas non se recollen os fluxos que xorden con posterioridade á transferencia dos préstamos.»

5.2 No estado UEM.12, a columna «Das cales: residentes no resto do mundo» pasa a denominarse «Das cales: IFM residentes noutros países membros da UEM.»

6. Engádense os anexos XI e XII, que se inclúen no anexo da presente circular.

Norma segunda. *Modificación da Circular do Banco de España 1/2013, do 24 de maio.*

Introdúcese a seguinte modificación na Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos:

No módulo B.2, Datos básicos das operacións, do anexo 2:

– Na parte 1, na dimensión «Finalidade da operación», na letra b), engádense o valor «Financiamento da internacionalización de empresas» antes do valor «Resto das finalidades».

Norma terceira. *Modificación da Circular do Banco de España 5/2012, do 27 de xuño.*

Introdúcese a seguinte modificación na Circular 5/2012, do 27 de xuño, a entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos:

– O número 2 do anexo 8 queda redactado da seguinte forma:

«2. Tipo medio dos préstamos hipotecarios entre un e cinco anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito na zona do euro.

Defínese como a media aritmética ponderada polo volume de operacións dos tipos de xuro aplicados ás novas operacións de préstamo ou crédito á vivenda nas cales se preveza un período de fixación do tipo de xuro inicial de entre un e cinco anos, realizadas en euros cos fogares residentes na zona do euro durante o mes de referencia, que será o segundo mes anterior a aquel en que teña lugar a publicación do dito valor.

Esta media será a calculada polo Banco Central Europeo conforme o establecido no Regulamento (CE) n.º 63/2002 do Banco Central Europeo, do 20 de decembro de 2001, sobre as estatísticas dos tipos de xuro que as institucións financeiras monetarias aplican aos depósitos e préstamos fronte aos fogares e sociedades non financeiras, publicada polo Banco Central Europeo na súa páxina web ou, en ausencia da dita publicación, en calquera medio electrónico ou físico polo que difunda a dita información.

O índice publicado na resolución do Banco de España non se corraxirá mesmo en caso de que o Banco Central Europeo modifique posteriormente o tipo que publicase inicialmente.»

Disposición adicional.

Os establecementos financeiros de crédito, cando emitan cédulas territoriais, ou cédulas ou bonos de internacionalización, levarán o correspondente rexistro contable especial e estarán suxeitos ás obrigacións de información que ao respecto establece para as entidades de crédito a Circular do Banco de España 4/2004.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

1. As modificacións introducidas pola presente circular na Circular 4/2004 entrarán en vigor o 31 de decembro de 2015, coas seguintes excepcións:

– Os primeiros estados PI.12 e PI.13, que se deben remitir ao Banco de España, serán os correspondentes aos datos do 31 de decembro de 2016.

– As modificacións realizadas no anexo VII entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación da presente circular no *Boletín Oficial del Estado*.

2. As modificacións introducidas pola presente circular na Circular 1/2013 entrarán en vigor o 31 de decembro de 2015.

3. As modificacións introducidas pola presente circular na Circular 5/2012 entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación da presente circular no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 29 de xullo de 2015.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.

PI.12-1

PI.12 CÉDULAS E BONOS DE INTERNACIONALIZACIÓN INDIVIDUAL PÚBLICA**PI.12-1 Préstamos que sirven de garantía das cédulas de internacionalización (a)**

	Valor nominal (b)
Préstamos elixibles conforme o artigo 34.6 e 7 da Lei 14/2013	
Menos: préstamos que apoian a emisión de bonos de internacionalización	
Menos: préstamos en mora que se deben deducir no cálculo do límite de emisión, conforme o artigo 13 do Real decreto 579/2014	
Total de préstamos incluídos na base de cómputo do límite de emisión	

(a) Este estado inclúe todos os préstamos que sirven de garantía das cédulas de internacionalización, con independencia da partida en que estean encadrados no balance.

(b) Principal disposto pendente de cobramento dos préstamos.

PI.12-2

PI.12-2 Cédulas de internacionalización emitidas

CÉDULAS DE INTERNACIONALIZACIÓN	Valor nominal
(1) Valores representativos de débeda. Emitidos mediante oferta pública (a)	
<i>Dos cales: valores propios</i>	
Vencemento residual até un ano	
Vencemento residual maior dun ano e até dous anos	
Vencemento residual maior de dous e até tres anos	
Vencemento residual maior de tres e até cinco anos	
Vencemento residual maior de cinco e até dez anos	
Vencemento residual maior de dez anos	
(2) Valores representativos de débeda. Resto de emisións (a)	
<i>Dos cales: valores propios</i>	
Vencemento residual até un ano	
Vencemento residual maior dun ano e até dous anos	
Vencemento residual maior de dous e até tres anos	
Vencemento residual maior de tres e até cinco anos	
Vencemento residual maior de cinco e até dez anos	
Vencemento residual maior de dez anos	
(3) Depósitos (b)	
Vencemento residual até un ano	
Vencemento residual maior dun ano e até dous anos	
Vencemento residual maior de dous e até tres anos	
Vencemento residual maior de tres e até cinco anos	
Vencemento residual maior de cinco e até dez anos	
Vencemento residual maior de dez anos	
TOTAL: (1) + (2) + (3)	

	Porcentaxe
Ratio de cobertura das cédulas de internacionalización sobre os préstamos (c)	

(a) Este estado inclúe todas as cédulas de internacionalización emitidas pola entidade pendentes de amortización, aínda que non figuren recoñecidas no pasivo (porque non se colocasen a terceiros ou fosen recompradas).

(b) Cédulas nominativas.

(c) Porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o valor nominal das cédulas emitidas e non vencidas, aínda que non estean recoñecidas no pasivo, e o valor nominal pendente de cobramento dos préstamos que sirven como garantía.

PI.12-4

PI.12-4 Activos de substitución das cédulas e bonos de internacionalización

ACTIVOS DE SUBSTITUCIÓN (Desagregación por natureza) (a)	Valor nominal dos activos afectos (b)		
	Cédulas	Bonos	
		Emisión.....(c)	Emisión(c)
Valores representativos de débeda emitidos por Estados membros da Unión Europea			
Valores representativos de débeda admitidos a cotización garantidos por Estados membros da Unión Europea			
Valores representativos de débeda emitidos polo ICO			
Cédulas hipotecarias admitidas a cotización			
Bonos hipotecarios admitidos a cotización			
Cédulas territoriais admitidas a cotización			
Cédulas de internacionalización admitidas a cotización			
Bonos de internacionalización admitidos a cotización			
Outros valores representativos de débeda admitidos a cotización			
Resto de activos financeiros			
TOTAL			

(a) Activos de substitución, conforme o disposto no artigo 34.9 da Lei 14/2013 e disposicións que a desenvolven.

(b) Valor nominal dos activos de substitución afectos a cada unha das emisións de cédulas ou bonos de internacionalización.

(c) Código que identifica a emisión de bonos de internacionalización que teñen afectos activos de substitución. Só se comunicarán datos para as emisións que teñan afectos activos de substitución na data do estado.

PI.13 CÉDULAS TERRITORIAIS INDIVIDUAL PÚBLICA

PI.13-1

PI.13-1 Préstamos que serven de garantía das cédulas territoriais (a)

	Valor nominal (b)		
	Total	Residentes en España	Residentes noutros países do Espazo Económico Europeo
Administracións centrais			
Administracións autonómicas ou rexionais			
Administracións locais			
Total préstamos			

(a) Este estado inclúe o valor nominal de todos os préstamos que serven de garantía das cédulas territoriais, con independencia da partida en que estean encadradas no balance.

(b) Principal disposto pendente de cobramento dos préstamos.

PI.13-2

PI.13-2 Cédulas territoriais emitidas

CÉDULAS TERRITORIAIS	Valor nominal
Cédulas territoriais emitidas (a)	
Emitidas mediante oferta pública	
<i>Das cales: valores propios</i>	
Vencemento residual até un ano	
Vencemento residual maior dun ano e até dous anos	
Vencemento residual maior de dous e até tres anos	
Vencemento residual maior de tres e até cinco anos	
Vencemento residual maior de cinco e até dez anos	
Vencemento residual maior de dez anos	
Resto de emisións	
<i>Das cales: valores propios</i>	
Vencemento residual maior dun ano e até dous anos	
Vencemento residual maior de dous e até tres anos	
Vencemento residual maior de tres e até cinco anos	
Vencemento residual maior de cinco e até dez anos	
Vencemento residual maior de dez anos	

	Porcentaxe
Ratio de cobertura das cédulas territoriais sobre os préstamos (b)	

(a) As cédulas territoriais inclúen todos os instrumentos emitidos pola entidade pendentes de amortización, aínda que non figuren recoñecidos no pasivo (porque non se colocasen a terceiros ou fosen recomprados).

(b) Porcentaxe que resulte do valor do cociente entre o valor nominal das cédulas emitidas e non vencidas, aínda que non estean recoñecidas no pasivo, e o valor nominal pendente de cobramento dos préstamos que serven como garantía.

ANEXO XI

Rexistro contable especial das cédulas e bonos de internacionalización a que se refire o artigo 10 do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo

Este rexistro contable especial actualizarase de forma continua e constará de dúas partes diferenciadas: a primeira, para as cédulas de internacionalización; e a segunda, para os bonos de internacionalización. Pola súa vez, a segunda parte constará de tantas subdivisións como emisións de bonos de internacionalización vivas teña a entidade.

1. Préstamos afectos ás cédulas/bonos de internacionalización (a):

Código da operación.

Datos da contraparte directa.

- Código da persoa.
- Nome.
- País de residencia.
- Sector.

Datos da operación:

- Tipo de produto.
- Finalidade da operación.
- Datas:
 - Data de formalización.
 - Data de vencemento.
 - Data do primeiro incumprimento.
- Tipos de xuro.
 - Tipo de xuro vixente do préstamo.
 - Tipo de xuro de operacións de permuta financeira (só para préstamos afectos a bonos de internacionalización) (b).

– Cualificación crediticia da operación.

– Importes:

- Valor nominal (principal disposto).
- Límite actual do risco.
- Datos dos riscos imputados aos garantes.

– Datos do garante:

- Código da persoa.
- Nome.
- País de residencia.
- Sector.

– Importes:

- Valor nominal (principal disposto) garantido.

Datos dos riscos elixibles para cobertura das cédulas e bonos de internacionalización.

– Valor nominal (principal disposto).

- Total.
- En mora (c).
- Computable para efectos do límite de emisión (d).

– Ponderación de risco para efectos de recursos propios (só para préstamos afectos a bonos de internacionalización) (e).

Vinculación coas cédulas e bonos de internacionalización:

- Tipo de vínculo (cédulas de internacionalización, bonos de internacionalización).
- Identificación dos bonos de internacionalización.

(a) As entidades que unicamente emitisen bonos de internacionalización só terán que incluír no Rexistro Contable Especial os préstamos vinculados aos ditos bonos.

As entidades que emitisen cédulas de internacionalización terán que incluír no Rexistro Contable Especial todos os préstamos elixibles para a súa cobertura. Para estas operacións non é necesario consignar os datos do rexistro que son específicos para os préstamos afectos a bonos de internacionalización.

Na elaboración do Rexistro Contable Especial utilizaranse as mesmas definicións, valores e criterios que na Circular 1/2013, do 24 de maio, sobre a Central de Información de Riscos, para as dimensións que sexan idénticas.

(b) Tipo da curva de tipo de xuro que, conforme o disposto no artigo 12 do Real decreto 579/2014, lle corresponda á operación na data en que se calcule o valor actualizado dos préstamos afectos aos bonos de internacionalización.

(c) Valor nominal dos préstamos con importes vencidos pendentes de cobramento que se teñan que deducir no cálculo do límite de emisión do nominal dos préstamos afectados como garantía dos bonos ou cédulas de internacionalización porque se encontren en mora, conforme o disposto nos artigos 12 ou 13 do Real decreto 579/2014.

(d) Este importe será cero cando o préstamo se encuentre en mora, conforme o disposto no artigo 12 do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo.

(e) Este dato só é obrigatorio para os préstamos afectos a bonos de internacionalización, segundo o disposto no número 8 do artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro.

2. Activos de substitución de cédulas/bonos de internacionalización.

Código da operación (Código ISIN, no caso dos valores representativos de débeda).

Datos do emisor.

– Código de identificación (NIF ou código asignado pola Central de Información de Riscos).

- Nome.
- Sector.
- País de residencia.

Datos da operación:

– Tipo de activo (cédulas hipotecarias, bonos hipotecarios, cédulas territoriais, cédulas de internacionalización, bonos de internacionalización, valores representativos de débeda garantidos por Estados membros da Unión Europea, outros valores representativos de débeda, resto de activos financeiros)

- Moeda.
- Importe:

- Valor nominal.
- Valor razoable.

– Datás:

- Consideración como activo de substitución.
- Exclusión como activo de substitución.

Vínculo cos títulos de internacionalización:

- Tipo de vínculo (bonos de internacionalización, cédulas de internacionalización).
- Data de emisión.
- Identificación do título vinculado (código que identifica os valores).

3. Instrumentos financeiros derivados vinculados a cédulas/bonos de internacionalización.

Código da operación.

Datos da contraparte:

– Código de identificación (NIF ou código asignado pola Central de Información de Riscos).

– Nome.

– País de residencia.

Datos da operación:

– Clase de risco (derivados de risco de tipo de xuro, derivados de risco de cambio, derivados de risco de crédito).

– Tipo de instrumento (permutas, FRA, futuros financeiros, opcións, outros produtos).

– Mercado (organizado, non organizado).

– Moeda.

– Importe (nocial).

– Datas:

• Inicio do vínculo.

• Final do vínculo.

Vínculo cos títulos de internacionalización:

– Tipo de título vinculado (cédula de internacionalización, bono de internacionalización).

– Data de emisión do título vinculado.

– Identificación do título vinculado.

ANEXO XII

Rexistro contable especial dos préstamos afectos ás cédulas territoriais a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 579/2014, do 4 de xullo

Código da operación.

Datos da contraparte directa:

– Código da persoa.

– Nome.

– País de residencia.

– Sector.

Datos da operación:

– Tipo de produto.

– Finalidade da operación.

– Datas:

• Data de formalización.

• Data de vencemento.

• Data do primeiro incumprimento:

– Importes:

• Valor nominal (principal disposto).